

Lopo

Rubrica

Eu, mui coitado, nom acho razom
per que possa ir u é mia senhor
e, pero que m'hei d'ir i gram sabor,
sol nom vou i e há mui gram sazom
que nom fui i; e por esto mi avém:
por nom saberem a quem quero bem.

E nom ach'eu razom e por est'é:
porque m'hei de guardar e de temer
de mi o saberem; mais pola veer
moir'e gram temp'há já, per bõa fé,
que nom fui i; e por esto mi avém:
por nom saberem a quem quero bem.

Por esto nom poss'eu razom achar
como a veja, nem sei que fazer;
e valer-m'-ia mui mais em morrer,
pois que tam muit'há já, si Deus m'empar,
que nom fui i; e por esto mi avém:
por nom saberem a quem quero bem,

nem saberám, mentr'eu aqueste sem
houver: que hei per mim quem quero bem.